

Boletín CAIA 18

Maio 2025



Novo pleno e renovación de vogais no CAIA

O pasado 21 de maio, tivo lugar en Santiago de Compostela o pleno ordinario do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia de Galicia (CAIA), centrado nesta ocasión na temática dos deportes. Durante a sesión, as rapazas e rapaces participantes tiveron a oportunidade de expor as súas reflexións, propostas e demandas en relación coa práctica deportiva nos seus concellos, así como de dialogar sobre a importancia do deporte como ferramenta de inclusión, saúde e benestar.

Foi unha data moi especial, xa que parte dos/as vogais que nos acompañaron durante o período 2023–2025 causaron baixa, e polo tanto aproveitamos para recoñecerlles o seu traballo, compromiso e dedicación. A continuación, nomeáronse novos e novas vogais, que asumen agora a responsabilidade de representar as voces da infancia e adolescencia galega no CAIA nos próximos dous anos.



Novo marco internacional para a protección integral da infancia vítima de violencia

A IWA 49:2025 da ISO establece un marco internacional para garantir respostas coordinadas, centradas na infancia e baseadas no trauma, dirixidas a nenos e nenas vítimas de violencia. O obxectivo é ofrecer atención e protección eficaces, minimizar traumas adicionais e mellorar o acceso á xustiza e aos servizos sociais e sanitarios. Elaborado con achegas de máis de 100 expertos e organizacións internacionais, este documento promove un enfoque unificado e coherente en todo o mundo, aliñado cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.



Tecnoloxía e Infancia: Unha Alerta sobre o Impacto Dixital na Saúde Mental e a Violencia

A Fundación ANAR presentou o estudo “Tecnoloxía. Impacto na infancia e a adolescencia en España, segundo o seu testemuño”, que analiza 11.164 casos atendidos entre xuño de 2023 e xuño de 2024. O informe revela que no 56,4% dos casos, o uso inadecuado das Tecnoloxías da Relación, a Información e a Comunicación (TRIC) estivo implicado na orixe ou agravamento dos problemas consultados, como ciberacoso, adicción, grooming ou sexting non consentido.



Día de la Infancia 2025

Proceso participativo



Vinte anos de impacto positivo: as Cidades Amigas da Infancia melloran a vida dos nenos e nenas en España

Un informe de UNICEF España avalía o impacto da iniciativa "Cidades Amigas da Infancia" entre 2012 e 2023, revelando que os municipios participantes presentan políticas máis enfocadas na infancia e un maior acceso a servizos esenciais para nenos e nenas. Actualmente, un de cada dous menores en España vive nunha destas cidades, destacando o compromiso local cos dereitos da infancia.

A infancia toma a palabra: novo proceso participativo para reivindicar os seus dereitos en 2025

A Plataforma de Infancia lanza o proceso participativo "Son, es, somos e temos dereitos" para o Día da Infancia 2025, co obxectivo de que nenos, nenas e adolescentes reflexionen sobre o cumprimento dos seus dereitos e expresen as súas opinións e demandas. Esta iniciativa busca promover a participación infantil e recoller as súas propostas para mellorar as políticas públicas que lles afectan.



A Coruña acollerá o XV Congreso Nacional de Atención Temprá en xuño de 2025

O XV Congreso Nacional de Atención Temprá celebrarase na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña os días 20 e 21 de xuño de 2025. Organizado pola Federación Estatal de Asociacións de Atención Temprá (GAT) e coa colaboración da Asociación Galega de Atención Temprá (AGAT), o evento abordará temas como a diversidade na crianza, a saúde mental temperá, o impacto das novas tecnoloxías na infancia e incluírá talleres prácticos e a presentación da versión española das Escalas Globais de Desenvolvemento da OMS (GSED). Tamén se conmemorará o 25 aniversario do Libro Branco da Atención



Adolescencia en equilibrio: desafíos e esperanzas dunha xeración en tránsito

Un informe de "El País" destaca os contrastes na adolescencia actual en España: mentres os delitos sexuais cometidos por menores aumentaron un 74% entre 2018 e 2023, atribuídos ao acceso temperán á pornografía sen educación sexual axeitada, tamén se observa unha mellora na redución do acoso escolar, que pasou do 24% en 2002 ao 12% en 2018. A saúde mental é outra preocupación, con un de cada seis mozos de 15 anos insatisfeito coa súa vida e un de cada cinco sufrindo ansiedade frecuente. Os expertos advirten que centrarse só nos aspectos negativos pode ocultar outras carencias urxentes, como a falta de prazas educativas e espazos adaptados para a mocidade nas cidades.

+ Experiencias de aquí e de alá



Redeir@s celebra en Santiago a súa xuntanza anual para fortalecer a participación infantil en Galicia

O 10 de maio, o grupo Redeir@s reuniu en Santiago de Compostela a nenos, nenas e adolescentes de toda Galicia para compartir experiencias e propostas sobre dereitos e participación infantil. A xuntanza contou con actividades lúdicas, espazos de diálogo e a presentación de iniciativas locais, reforzando o compromiso colectivo coa voz da infancia na toma de decisións.



Encontro entre o CNIAC e o Rapazada refuxiada en Palestina

Representantes do Parlamento da UNRWA e do CNIAC reunímonos para coñecer de primeira man as vivencias da infancia, adolescencia e mocidade refuxiada palestina, así como as súas experiencias de participación. Escoitamos como funciona o seu Parlamento Estudantil, unha iniciativa que promove a participación democrática de nenos, nenas, adolescentes e mozos/as refuxiados/as en Gaza, Cisjordania, Xordania, Líbano e Siria, onde actúa a UNRWA. Desde o CNIAC explicámoslles como traballamos, as nosas preocupacións e os proxectos nos que estamos implicados.

Testemuña en primeira persoa



Carla

Vogal do CAIA e membro
Concello local de infancia
de Redondela

En Febreiro deste ano recibín un posto na beca AFS Global STEM Academies e terei a oportunidade de viaxar a China. Selecciónanse mozos e mozas de entre 14 e 18 anos de países dos cinco continentes que estean interesados en ciencia, sostibilidade e impacto social. En España outórganse 5 prazas (dúas delas as recibimos mozas galegas!) e en total hai 145.

O programa consta de dúas partes, unha online e unha presencial. Neste mes de Maio rematei a primeira parte, para a que tiven que completar 35 módulos sobre diversas temáticas: enerxías renovables, diferencias culturais, emprendemento social... Foi moi interesante! En Xuño teño que enviar á Universidade de Pennsylvania (son quen organizou esta etapa) o meu Capstone Project, un prototipo dunha posíbel solución a un problema na miña comunidade.

Para a parte presencial, pasarei todo o mes de Xullo en China, visitarei as cidades de Shanghai, Ningbo e Beijing. Alí, coñecerei aos meus compañeiros e compañeiras e xuntos aprenderemos sobre sostenibilidade neste país. Durmirei cunha host family e farei moitos viaxes pola cidade, coñecendo a súa cultura.